

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 08/06/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 08/06/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 01 de xuño de 2026, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/1915

Dáse conta de escrito presentado por Dona María Victoria Dominguez Boga solicitando a sinalización como rúa de sentido único e zonas de estacionamento na Ruela de Caneda.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que, realizada inspección comprobouse que é unha rúa de escasa circulación, duns 5,70 m. de ancho, sen beirarrúas, e dobre sentido de circulación, con garaxes e placas de vaos permanentes e onde non se pode estacionar á marxe esquerda, por sinal vertical e marcas viarias borrosas.

Recomendan regular a circulación, cun sinal vertical R101 de entrada prohibida na intersección coa Avda. Rosalía de Castro, para que quede cun só sentido de circulación e repintar a liña continua amarela que prohibe estacionar na marxe das antigas naves de Lantero.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de sinal R101, de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2026/1916

Dáse conta de escrito presentado por Dona Dolores Bravo Parada, solicitando a sinalización de prohibido estacionar nunha zona da Rúa Bouza de Cea.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que, realizada inspección comprobouse que é un tramo de rúa con ancho irregular de aproximadamente 4,50 m. de ancho de calzada, sen beirarrúas, e dobre sentido de circulación, onde se pode estacionar en ambas marxes, polo que queda un paso estreito se estaciona algún vehículo.

Por iso, aínda que a ordenanza municipal de circulación, no art. 44.7 prohibe a parada "cando a distancia entre un vehículo e o bordo oposto da calzada, ou unha marca lonxitudinal que indique prohibición de atravesala, sexa inferior a tres metros", recomendan regular o estacionamento, prohibindo estacionar en ambas marxes nese tramo, instalando sinalización vertical R-307b e R-307c (parada e estacionamento prohibido cada o lado indicado pola frecha) e marcas viarias amarelas.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización vertical e horizontal, de conformidade co informe da Policía Local.

PRP2026/1921

Dáse conta de escrito presentado por D. José Benito CUEVAS FEIJOO solicitando a instalación de espello para mellorar a visibilidade e placa co nome da rúa, en Rúa Vandorra con Trav. Vandorra.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que realizada unha inspección comprobouse que é unha intersección en E de rúas con dobre sentido de circulación, estreitas e trafico escaso con pouca visibilidade entre os vehículos que se aproximan á intersección, na cal non existe ningún tipo de sinalización. Así mesmo, non existe sinalización vertical de vía sen saída na Trav. Vandorra. Por todo iso recoméndase a instalación dun espello neste lugar e a colocación dun sinal vertical S-15a de calzada sen saída en Trav. Vandorra, así mesmo a instalación de sinal vertical R-1 de ceda o paso no mesmo lugar, para que teñan prioridade os vehículos que circulan por rúa Vandorra.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de espello e sinais de conformidade co informe da Policía Local, así como placa co nome da rúa na Travesía Vandorra. Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2026/1947

Dáse conta de informe da Policía Local, en relación con deficiencias na sinalización horizontal da zona de estacionamento regulado (zona azul) situada na intersección da Avenida Valle Inclán coa Rúa Alexandre Bóveda.

Durante a inspección realizada, comprobouse que as marcas viarias que delimitan as prazas de aparcamento presentan un notable desgaste, xa sexa como consecuencia das inclemencias meteorolóxicas, do uso continuado da vía polos vehículos ou do mero transcurso do tempo, resultando en moitos casos imposible distinguir con claridade os límites das distintas prazas de estacionamento.

Así mesmo, considérase necesario reforzar a sinalización vertical que regula a reserva de estacionamento destinada á actividade do Mercado Municipal durante os días de celebración do mesmo (martes e sábados), ao ser esta circunstancia orixe de numerosas incidencias. De forma habitual recíbense queixas por parte de condutores que manifestan non advertir a existencia da devandita restrición, debido principalmente á escasa visibilidade dos sinais ou á súa localización afastada dos puntos onde estacionan os seus vehículos.

Igualmente, constátase que as marcas viarias existentes na Rúa Alexandre Bóveda atópanse practicamente borradas, non sendo posible apreciar con claridade a delimitación dos carrís de circulación nin a liña lonxitudinal continua que separa ambos os sentidos da marcha. Esta situación provoca que numerosos condutores pasen involuntariamente devandita liña para estacionar na marxe esquerda da vía, sen decatarse da sinalización vertical que regula o estacionamento no devandito lugar.

Por outra banda, consideran conveniente que a sinalización vertical relativa á reserva de estacionamento por actividade de mercado se complemente mediante paneis informativos de fondo amarelo e alta visibilidade, cunha lenda específica que indique claramente a restrición existente, diferenciándose do resto de sinais presentes na zona.

Finalmente, indican que os vehículos que acceden á Rúa Alexandre Bóveda desde a Praza Doutor Carús mediante un xiro á esquerda non atopan ningunha sinalización que lles informe ou advirta da prohibición de estacionamento motivada pola celebración do Mercado Municipal na marxe lateral correspondente á Praza de Abastos, circunstancia que contribúe á comisión involuntaria de infraccións relacionadas coa devandita restrición.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á realización de sinalización vertical e horizontal de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2026/1973

Dáse conta de proposta do Servizo de Vías Públicas, no que indica que a Casa da Cultura de Rubiáns presenta filtracións de auga na cuberta do salón de actos, provocadas polo deterioro das unións do panel sandwich existente. Esta situación está ocasionando entradas de auga no

interior do edificio, co conseguinte risco de deterioro das instalacións.

Co fin de garantir a correcta conservación do inmovible e evitar danos maiores, resulta necesario acometer os traballos de reparación e selado das unións da cuberta.

As obras a realizar, son as seguintes:

- Reparación da entrada de auga no salón de actos.
- P.A. de desmontaxe de tapetas de unións do panel sandwich.
- P.A. de limpeza e lixado do óxidos nas unións do panel sandwich.
- P.A. de aplicación de imprimación con poliuretano en todas as unións.
- P.A. de subministro e colocación de banda butílica en todas as unións do panel.
- P.A. de subministro e aplicación de hiperdesmo en todas as unións do panel.
- Inclúense os medios auxiliares para a correcta execución dos traballos (máquina elevadora e/ou andamios).

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de reparación das filtracións de auga na cuberta do salón de actos da Casa de Cultura de Rubiánsa Empresa REFORMAS TREBOL, S.L. con CIF: B94128675, por un importe total de 4.114,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.63200, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/1974

Dáse conta de proposta do Servizo de Vías Públicas, na que se indica que a balaustrada situada na franxa litoral de Carril presenta un notable deterioro superficial derivado da súa exposición continuada ás condicións ambientais propias da contorna mariña, con acumulación de sucidade, salitre e desgaste da capa de protección existente, polo que resulta necesaria unha actuación de mantemento para garantir a súa adecuada conservación e mellorar a súa imaxe e funcionalidade, consistente na limpeza con vapor seco e posterior pintado con pintura de clorocaucho dunha superficie aproximada de 575,30 m².

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de limpeza e pintado da balaustrada de Carril, á Empresa DISTRIBUCIONES GALLEGAS DE STOCKS, S.L. con CIF: B3645629, por un importe total de 8.283,75 €. (IVE incluído), con cargo á partida 1530.210, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2014

áse conta de escrito presentado polo C.D. Bamio no que solicita o cambio a dirección única en dous viales de acceso ao CFM Mari Paz Vilas en Bamio os días 13 e 14 de xuño, e que tras tomar unha decisión de última hora a organización e facer fase Platinum (fase consolación), para que os equipos que non optan a fase final poidan disfrutar de mais encontros, e solicitan a dotación de 128 medallas para entregar os deportistas desta fase platinum en lugar dos trofeos.

Dáse conta de informe do Director Deportivo da Fundación de Deportes, no que indica:

Que o evento deportivo III TORNEO INFANTIL - ALEVÍN C.D. BAMIO é organizado polo Club Deportivo Bamio, sendo unha actividade que se ven desenvolvendo cada ano. En eventos anteriores organizados polo clube, a Fundación de Deportes colabora coa autorización de uso das instalacións deportivas así como do material necesario para o desenvolvemento da mesma, e coa concesión de trofeos para os primeiros clasificados en cada una das diferentes categorías que se desenvolven.

Este evento de deporte base, permitirá a posta en acción dos e das xóvenes deportistas en aspectos físico-deportivos, e de convivencia, fomentando valores como os da tolerancia, respecto ós demais, deportividade, compañeirismo, igualdade entre homes e mulleres, etc., xa que todos comparten instalación e materias, promovendo ao mesmo tempo estilos de vida

saudable asociada á práctica deportiva. O Torneo Infantil - Alevín C.D. Bamio é unha actividade sostible co medio ambiente, xa que a enerxía utilizada polos deportistas para o desenvolvemento da competición é a enerxía proporcionada pola súa propia musculatura, considerándose polo tanto unha actividade ecolóxica.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar cambio a dirección de sentido unico dos viais de acceso ao CFM Mari Paz Vilas, en Bamio, os días 13 e 14 de xuño, para o desenvolvemento da actividade.

EMPREGO

PRP2026/1972

Pola Xunta de Goberno Local do 23/02/2026 acordouse aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da ORDE do 13 de xaneiro de 2026 (DOG nº 23 do 4 de febreiro de 2026) da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrència competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR460D) para a contratación de 12 traballadores desempregados (socorristas) a xornada completa durante tres meses, dende o 1 de xullo de 2026 para a realización de actividades de asistencia, salvamento e socorrismo nas praias do Municipio. O custo total ascende a 79.479,36 €, existindo crédito axeitado e suficiente nas partidas orzamentarias 1722.131 e 1722.16000. A aportación municipal consistirá na diferenza entre a subvención que sexa otorgada pola Consellería, despois da asignación dos puntos segundo os criterios de valoración establecidos na Orde, máis a indemnización por cesamento.

Dáse conta de Resolución de concesión de subvención da Consellería Presidencia, Xustiza e Deportes, por importe de 11.300,00€ para a contratación de 12 traballadores/as desempregados e cunha duración de 3 meses, do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2026.

- Gasto total: 79.595,64 €

- Achega Municipal: 68.295,64 €

- Xeración de crédito: 11.300 € (Subvención Consellería de Presidencia).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda solicitar á Intervención municipal a creación do proxecto de gasto segundo e a xeración do crédito polo importe correspondente.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2026/1967

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, na que se indica que como cada ano e para a IX edición do Festival Internacional de Música clasclás, é necesaria a contratación dunha póliza de seguro de accidentes para a cobertura dos artistas e participantes que forman parte desta vindeira edición.

Nesta póliza, ademais dos artistas internacionais e dos artistas nacionais, figuran engadidos a totalidade de alumnado do Conservatorio Profesional e da Escola Municipal de Música que participarán no Programa clasclás a pé de rúa, estimando o número total de participantes en 150. Por outra banda, e de igual xeito solicitouse orzamento a Correduría de Seguros Willis Towers Watson, para póliza de seguro de accidentes para todos os participantes na VIII edición do festival (desde o 12 ata o 28 de xuño de 2026) co obxectivo de tentar cubrir calquera tipo de accidente que puidese ter lugar ao longo do desenvolvemento do Festival.

Segundo o anteriormente exposto Willis Towers Watson Galicia Correduría de Seguros S.A., ten realizado diversas consultas na procura da cotización de diversas aseguradoras, sendo a máis vantaxosa, tanto desde o punto de vista das diferentes coberturas como desde o punto de vista económico, a presentada por W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España (W.R. Berkley España) con CIF W0371455G.

FECHA INICIO: 12.06.2026

FECHA FINALIZACIÓN: 28.06.2026 (ambos inclusive)

ACTIVIDADE: PARTICIPANTES (ARTISTAS Y ESTUDIANTES) FESTIVAL DE MÚSICA CLÁSICA CLASCLAS. CONCERTOS DE MÚSICA EN EDIFICIOS PÚBLICOS E NA RÚA.

ASEGURADOS: 150 participantes de todas as idades

O orzamento presentado por W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España (W.R. Berkley España), ascende a 220,82 €

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación da póliza de seguro a W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España (W.R. Berkley España) con CIF W0371455G , por un importe total de 220,82 € con cargo á partida 2026 3261 224 Primas de seguros do Proxecto de Orzamento con código 2026-3-CRRTE-5- Liña 1 financiada con RRPP e para a cobertura de todos os participantes na IX edición do Festival Internacional de Música clasclás 2026, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/1968

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música en relación coa necesidade de adxudicación dos gastos de aloxamento da IX edición do Festival Internacional de Música clasclás, que nesta edición se realizará exclusivamente no Hotel Alda Rías Baixas S.L.U con CIF B70476494 (Hotel Alda Castelao) de Vilagarcía de Arousa.

O total do orzamento de gastos de aloxamento do Festival no Hotel Alda Castelao - Alda Rías Baixas S.L.U. por un importe de 2.091,19 € + 209,21 € do 10 % do IVE, facendo un total de 2.300,40 €, dende o 21 ao 28 de xuño de 2025.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto de aloxamento da IX edición do Festival Internacional de Música clasclás 2026 a realizar no Hotel Alda Castelao - Alda Rías Baixas S.L.U , por un importe total de 2.300,40 € (2.091,19€ + 209,21 € do 10 % do IVE) con cargo ao Proxecto con código 2026-3-CRRTE-5 Liña 1 Partida 2026 3261 22699, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/1969

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, na que indica que é necesaria á contratación dos Servizos de Imprenta do Festival clasclás 2026, que nesta ocasión se limitará á impresión de 1.500 libros programa do festival. Para elo tense contactado con Baños Print S.L., con CIF B36252872, empresa que habitualmente realiza os traballos de impresión dos materiais do festival.

As características son as seguintes: Subministro de 1.500 libros programa clasclás 2026

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a Contratación dos servizos de imprenta para o Festival clasclás 2026 (1.500 libros programa festival clasclás 2026) a Baños Print S.L., con CIF B36252872 polo importe total de 2.808,00 € (2.700,00 € + 108,00 € do IVE) con cargo á partida 2026 3261 22602 do Proxecto con código 2026-3-CRRTE-5 Liña1, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/1970

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, na que indica que como cada edición do Festival clasclás, compre proceder á adquisición de camisetas de merchandising que conteñen o logo do Festival para a súa utilización polo alumnado do Conservatorio Profesional e Escola Municipal de Música no Programa clasclás a pé de rúa, así como polos participantes no Programa de Masterclasses e no Programa Artístico e Sinfónico do

festival.

Para elo tense contactado con SERILUA MERCHANDISING S.L. con CIF B70519988 co obxectivo de solicitarlle orzamento para a adquisición de camisetas.

- E necesaria a adquisición de 600 camisetas 100% algodón (tallas XS, S, M, L, XL, 2XL e 3XL) modelo SOL'S REGENT Camiseta unisex 100% algodón, 150 Grs. Marcaxe do Logo do festival na parte de diante e do Concello na parte traseira en tinta negra.

O orzamento facilitado por SERILUA MERCHANDISING S.L. é o seguinte: 600 camisetas x 3,85 € = 2.310,00 € + 485,10 € do 21% do IVE = 2.795,10 €

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a adquisición de 600 camisetas co logo do festival clasclás á SERILUA MERCHANDISING S.L. con CIF B70519988 polo importe total de 2.795,10 € (2.310,00 € + 485,10 € do 21% do IVE con cargo á partida 2026 3261 22602 do Proxecto con código 2026-3-CRRTE-5 Liña 1, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2043

A Concellería de Educación está a recibir continuas solicitudes dos colexios de Vilagarcía para a colocación de CADEIRAS DE BRAZOS no seus centros para a celebración de determinados actos multitudinarios. Esas peticións coinciden no tempo coa chegada do remate do curso.

O departamento de obras, que é o que garda, traslada e recolle ese material, sinala que non son suficientes as que dispoñen para atender todas as solicitudes, tanto de colexios coma de outras entidades ou asociacións.

A Concellería de Educación pretende adquirir 200 CADEIRAS DE BRAZOS para atender esa demanda dos colexios e que logo tamén serán usadas noutros eventos. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CASTROMÁN I, S.L., CIF: B36406650, para subministro de 200 CADEIRAS DE BRAZOS RESPALDO BAIXO 8106V VERDE, por un importe total de 2.220,01 (IVE engadido), con cargo á partida 320.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2045

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, na que indica que compre proceder á adquisición de diversos materiais para a decoración do escenario do Festival clasclás no Auditorio Municipal, tratándose de material de decoración de tecido ignífugo M1

É necesaria a adquisición de 15 unidades de material de tecido ignífugo M1 de decoración de escenario para o festival clasclás.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa González Hogar y Moda SL con CIF B36252328 polo importe total de 1.905,75 € (1.575,00 + 330,75 do 21 % do IVE) con cargo á partida 2026 3261 22699 do Proxecto con código 2026-3-CRRTE-5 Liña 1, para subministro de materiais para a decoración do escenario da Sala Principal do Auditorio Municipal para o desenvolvemento da IX edición do Festival clasclás.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MERCADOS

PRP2026/1981

Dáse conta do escrito presentado por Dona NOELIA LÓPEZ CASTRO, con NIF 35475625B, solicitando que como ten a concesión provisional, en réxime de aluguer, do Módulo nº8, da ala

lateral dereita, da praza de abastos de Vilagarcía, por dous anos, concedido en Xunta de Goberno Local de data 30-10-2023, matizando a solicitante que non poido exercer actividade no posto por traballos de acondicionamento ata xullo do 2024, dita concesión provisional e por dous anos, prorrogables por outros dous, e de seu interese solicitar a prorroga por outros dous anos. Dáse conta de informe do Servizo de Mercados, no que indica que efectivamente Dona NOELIA LÓPEZ CASTRO, ten en réxime de aluguer, con carácter provisional, a concesión dos postos n.º 15-16, MODULO 8, ZONA LATERAL DEREITA, da praza de abastos de Vilagarcía de Arousa, acordado en Xunta de Goberno Local de data 30 de Outubro de 2023, por dous anos prorrogables por outros dous.

O Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcía, aprobado en Sesión Plenaria de 26 de Xaneiro de 2023. no seu Artigo 20, en seu punto 3) di que no caso de postos vacantes, en tanto non sexan obxecto da concesión, a Xunta de Goberno Local poderá outorgar autorizacións provisionais (dous anos prorrogables por outros dous), de carácter revogable, mediante arrendamento ou concerto.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a Dona Noelia López Castro a prorroga de dous anos na autorización do aluguer dos postos 15-16, Módulo 8, Lateral dereita da Praza de Abastos.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2026/2054

A Concellería de Xuventude, en colaboración coa Concellería de Cultura e de Turismo, solicita á Xunta de Goberno Local, a aprobación do orzamento e adxudicación dos contratos para a realización da seguinte acción cultural: VILAGARCÍA, CIDADE DO LIBRO 2026. (Actividade financiada parcialmente pola Deputación de Pontevedra e polo Ministerio de Cultura).

Trátase dun programa multidisciplinar e de dinamización lectora centrado nunha serie de actividades de animación á lectura destinadas a todas as idades con vocación de converter ao noso municipio nun centro cultural especializado na temática da literatura. O principio de partida é o dereito das persoas ao acceso universal á cultura a través do libro.

A devandita actividade levarase a cabo do 8 ao 14 de xuño en distintos espazos: Praza II República, Auditorio, Parque Miguel Hernández.

A actividade supón un orzamento total de 93.679,52 € (ive engadido), gasto que se desglosa do seguinte xeito:

Entidade	Cif	endereço	concepto	día	importe	PARTIDA
Artefeito, S. Cooperativa Galega	F70586763	Rúa Tomiño, 18, planta 3, dt. 15703 Santiago de Compostela	Servizos de coordinación, produción e loxística Cidade de Libro 2024	Do 9 ao 14 de xuño	16.359,2€ (ive do 21 % engadido)	XUVENTUDE - 2314/22610
CULTURACTIVA, sociedade Cooperativa Galega	F15983067	Rúa Triacastela 3, baixo, 15703 Santiago de Compostela	Xestión e honorarios de programación de autores/as foráneos	Do 9 ao 14 de xuño	17.968,5€ (ive do 21% engadido)	XUVENTUDE - 2314/22610
CULTURACTIVA, Sociedade Cooperativa Galega	F15983067	Rúa Triacastela 3, baixo, 15703 Santiago de Compostela	Actividades complementarias/Actuacións "Vilagarcía, Cidade de Libro"	Do 9 ao 14 de xuño	9.619,50 € (ive do 21 % engadido)	CULTURA - 334/22609
OFICINA 360 S.COOP. GALEGA	F10906048	R/ Xulio Sesto nº 1-1º C 36770 O Rosal (Pontevedra)	Xestión e honorarios de autores/as galegos/as para a edición, xestión e honorarios Luz Gabás e Marta Robles	Do 9 ao 14 de xuño	10.164,00 € (ive do 21 % engadido)	CULTURA - 334/22609
CORTICATA TURISMO MEDIOAMBIENTAL	B75667311	Rúa San Roque nº 15- Entreplanta 36.600 Vilagarcía de Arousa	ACTIVIDADE ARGONAUTAS LITERARIOS	Do 8 ao 14 de xuño 2026	8.140,00€ 8.140,00 € (ive do 10 % engadido)	CULTURA (cargariase á partida 334/22637 de normalización lingüística)
CORTICATA TURISMO MEDIOAMBIENTAL	B75667311	Rúa san Roque nº 15- Entreplanta	Traslados de ida y vuelta en embarcación a la isla de Cortegada	12 de xuño	726,00 € (ive do 21 %)	TURISMO - 432/22610

		36.600 Vilagarcía de Arousa			engadido)	
Altesta 4 S.L.U.	B-36486546	Rúa Pinar, 11 - O Porriño - Pontevedra	Actuación "A Orquestra de Camarote Band"	10 de xuño	847,00 € (ive do 21 % engadido)	CULTURA - 334/22609
FELIPE DÍAZ VALLE	33998156Q	Avda. Ferrocarril, nº 21, 1º D. 15007 A Coruña	Orzamento polo espectáculo "CONTOS DE MEDO QUE DEIXAN DURMIR"	11 de xuño	385,00 € (ive do 10 % engadido)	TURISMO - 432/22610
ASOCIACIÓN CULTURAL MESA DAS VERBAS	G94202322	RÚA MARXIÓN, 24 - 36600 VILAGARCIA DE AROUSA	Organización, produción e coordinación do Recital Poético: Poesía combativa e reivindicativa	12 de xuño	1.500 € (exenta do ive)	CULTURA - 334/22609
Soluciones Técnicas de Galicia S.L	B36595163	P.I. "A Granxa", Centro de Servicos, 1a Plta. Ofc. 7 36400 - O Porriño (Pontevedra)	ACTUACION "HABELAS HAINAS"	11 de xuño	525,00 € (ive do 21 % engadido)	XUVENTUDE - 2314/22610
Yolanda Castaño Pereira	46900072-J	Travesa da Gaitreira, 2 - 4º D A Coruña 15009	Obradoiro de poesía para nenos/as +debate "Poesía en resistencia"	9 de xuño	800,00 € (exenta do ive)	CULTURA - 334/22609
RAQUEL GARCÍA RODRÍGUEZ	44463265X	Avenida de Vigo 46 4º A 36003 Pontevedra	1 representación do espectáculo de narración oral "Mariña. Contos nados no Mar"	12 de xuño	495,00 € (ive do 10 % engadido)	CULTURA - 334/22609
Trisquel Protección y Vigilancia S.A.	A70251392	C/ JAMES WATT, NAVE P-5 (CENTRO LOGISTICO DE TRANSPORTE S DE CULLERED O) Ledoño - Culleredo (15 199), A Coruña	1 vigilante de seguridade sin arma, prestando servizo de protección y control de accesos en las instalaciones del cliente.	Do 8 ao 14 de xuño	2.270,93€ (ive do 21 % engadido)	XUVENTUDE - 2314/22610
SERVICIOS INTEGRALES DE FORMACION SL	B-70.010.665	c/ Rúa do Bosque, 50 - Bertamiráns 15 220 Ames	Obradoiros para nenos: persoal, material necesario e instalación de carriño de palomitas e de algodón de azúcar	13 e 14 de xuño	1.315,60 € (ive do 10% e 21% engadido)	CULTURA - 334/22609
DND Carlos Galbán Zaragoza	35449729J	Av. Juan Carlos I nº42 36600 Vilagarcía de Arousa	Alquiler e servizo técnico de Son e Iluminación para o evento en Vilagarcía de Arousa Cidade De libro 2026	Do 9 ao 14 de xuño	5.687,00 € (ive do 21 % engadido)	XUVENTUDE - 2314/22610
Asociación Arousa Moza	G94157963	Praza Ravella 9 1A 36600 Vilagarcía de Arousa	Actividade: Xincana infantil de temática mitolóxica	12 de xuño	2.176,79 € (ive do 21% engadido)	CULTURA - 334/22609
MODERADORES ESTIMATIVO					5.500,00 €	CULTURA - 334/22609
EMPRESA PEREIRA (estimativo)					1.200,00 €	EDUCACIÓN - 320/22610
ESTIMATIVO DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE					4.000,00 € (ive do 21% engadido)	COMUNICACIÓN - SOCIAL 926/22602
ESTIMATIVO PARA DECORACIÓN, REFORZO PROGRAMÁTICO E IMPREVISTOS					4.000,00 € (ive do 21% engadido)	CULTURA - 334/22609

A actividade ARGONAUTAS LITERARIOS, destinada a centros educativos e de maiores, estaría parcialmente financiada pola convocatoria de subvencións da Deputación de Pontevedra, dirixida a concellos para actividades de dinamización da lingua galega 2026 (procedemento SIA 2329331). (Concellería de Cultura (Normalización Lingüística) (subvención solicitada polo departamento de Normalización Lingüística (XGL do 6 de abril de 2026 e expediente CULT/2026/0000057) (resolución publicada no BOP do 16 de marzo)).

Por outra banda, para o resto do programa, foi solicitada unha subvención por importe de 39.000 euros, a través do programa de Fomento de la Lectura y las Letras Españolas, ao Ministerio de

Cultura e Deporte (solicitud aprobada pola XGL do 26 de xaneiro de 2026).

Reparto do orzamento total por partidas:

Concellería de Xuventude (ive engadido): 42.810,63 € (a Xunta de Goberno Local do 25 de maio de 2026, con cargo ao orzamento da Concellería de Xuventude, aprobou o orzamento de 2.540 € do proxecto “A Gruta dos Libros Esquecidos” pertencente ao programa Cidade de Libro 2026, polo que a cantidade total de orzamento a cargo da Concellería de Xuventude sería un total de 45.350,63€).

Concellería de Cultura (ive engadido): 44.557,89 € (desta cantidade cargaríanse 8.140,00 €, correspondentes ao proxecto Argonautas Literarios á partida de normalización lingüística)

Turismo (ive engadido): 1.111,00 €

Comunicación: 4.000,00 €

Educación: 1.200,00 €

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento e adxudicación dos contratos para a realización a actividade VILAGARCÍA, CIDADE DO LIBRO 2026, por un importe total de 93.679,52 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal..

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2026/1936

Coa finalidade de colaborar dunha forma activa na protección dos montes do municipio apoiando a posta en marcha de proxectos forestais que persigan a finalidade de defensa e protección do monte contra os incendios forestais, este Concello convoca dende hai anos as axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios.

A convocatoria das axudas ten como fundamento as bases para axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios do Concello de Vilagarcía de Arousa. As bases correspondentes á convocatoria 2026, incorpóranse ao expediente de referencia a efectos da súa aprobación e convocatoria das axudas.

Por todo isto, vista a proposta da Concellería de medio ambiente, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións destinadas a PROXECTOS DE ACTUACIÓNS PREVENTIVAS E/OU OBRA FORESTAL DESTINADAS Á PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA 2026.
2. Aprobar a convocatoria das axudas correspondentes ao exercicio 2026, segundo as bases reguladoras anexas, incorporadas ao expediente.
3. Autorizar o gasto por importe de 81.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 1720-489 do orzamento municipal vixente.
4. Ordenar a remisión da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e a posterior publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) conforme ao artigo 20 da lei 38/2003, do 17 de novembro.

PRP2026/1937

Dáse conta da resolución da directora xeral de Administración Local, por delegación do conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia de concesión de subvención Fondo de compensación Ambiental na liña NON COMPETITIVA convocada ao abeiro da Orde do 16 de xaneiro de 2026 polo que se acorda conceder a este Concello unha subvención por importe total de 10 811,63 €, para o proxecto denominado “REFORMA DA REDE DE SANEAMENTO PARA SEPARACIÓN DE AUGAS PLUVIAIS E FECAIS RÚA ILLA DE ONS”.

Segundo o presuposto que figura na memoria técnica descritiva datada o 20/02/2024, o orzamento total subvencionable era de 13 353,08 euros, cantidade que ven recollida na mencionada resolución de concesión como orzamento total, xa que é a que se estableceu na solicitude da subvención.

IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO: 10 811,63 €.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aceptar a subvención e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.
- 2.- Dar conta da resolución ao Departamento de Intervención.

PRP2026/1963

O 30 de decembro de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U).

Con data do 15 de maio de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 2 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da mencionada Orde do 17 de decembro de 2024. Entre os concellos beneficiarios figuraba o concello de Vilagarcía de Arousa, cunha axuda de 8.100,00€ para a liña 1 (EELL-0077-2025-RES) e de 6.300,00€ para a liña 4 (EELL-0084- 2025-RES).

O 28 de novembro de 2025, o concello de Vilagarcía de Arousa presentou documentación xustificativa para a liña 4 (EELL-0084-2025-RES).

Na sesión da Xunta de goberno Local de data 16/02/2026 acordouse aprobar a renuncia da liña 4 da subvención MT975U dada a posibilidade recollida no parágrafo 4 do artigo 3 das bases reguladoras destas axudas de que as actuacións realizadas nos espazos destinado á PxR se poidan incluír na liña 1.

Así, o 20 de marzo de 2026, o concello de Vilagarcía de Arousa presentou un documento de renuncia á totalidade da subvención concedida para a liña 4 por importe de 6.300,00€ concedida ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024, xa que a actuación realizada no espazo destinado á PxR incluída na liña 4 se podía incluír na liña 1.

Pola Concellería de Medio Ambiente dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución da Consellería de Medio Ambiente pola que se acorda a perda do dereito ao cobro da liña 4 da subvención MT975U, xa que o concello decidiu englobar a actuación realizada no espazo de PxR na liña 1.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

TURISMO

PRP2026/1955

O Concello solicitou, por primeira vez, o Plan de Explotación de Servizos de Tempada, á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, para o ano 2026 e prorrogable ata o 2029. Os servizos incluídos nese plan son:

SERVIZO	EMPRAZAMENTO	COORDENADAS
QUIOSCO DE VENDA DE XEADOS	PASEO MARÍTIMO DA PRAIA COMPOTELA	X: 518.561.81 Y: 4.717.810.85
QUIOSCO VENDA DE BEBIDAS E COMIDAS	PRAIA DE SAÍÑAS	X: 516.634.66 Y: 4.714.512.38
QUIOSCO 1 DE VENDA DE BEBIDAS E COMIDAS	PRAIA DA CONCHA-COMPOSTELA	X:519.081.89 Y: 4.717.025.17
QUIOSCO 2 DE VENDA DE BEBIDAS E COMIDAS	PRAIA DA CONCHA-COMPOSTELA	X: 519.136.17 Y: 4.716.830.95

Dáse conta de que no prazo establecido presentáronse as seguintes:

SERVIZO	AUTORIZADO
---------	------------

